



Concello de Sarria

Nº de expediente: 1813/2022

DECRETO DO SR. ALCALDE – PRESIDENTE DO CONCELLO DE SARRIA DON CLAUDIO MELQUIADES GARRIDO MARTINEZ

Vista a proposta de Bases da Concellería de Educación, Festas, Muller, Xuventude, Integración e Igualdade, de data 2 de decembro de 2022, para a organización da III Edición do Concurso de Decoración de Nadal 2022.

Vista a fiscalización favorable da Intervención Municipal no Informe de Intervención número 2022/0359, de data 9 de decembro de 2022.

Tendo en conta que a adxudicación dos premios estará condicionada á existencia de crédito axeitado e suficiente no exercicio 2023.

Por todo o exposto e considerando a competencia da Alcaldía en materia de disposición de gastos e ordenación de pagamentos de acordo cos arts. 21.1.f) da Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local e 41.17 do Real Decreto 2568/1986 de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

RESOLVO:

Primeiro.- Aprobar as bases reguladoras da **III Edición do Concurso de Decoración de Nadal 2022** que se expoñen a continuación:

I. REQUISITOS PARA A PARTICIPACIÓN NA III EDICIÓN DO CONCURSO DE DECORACIÓN DE NADAL 2022.

Participantes:

Poderán participar todas as persoas residentes permanente ou temporalmente no Concello de Sarria, podendo ser a participación de forma individual ou colectiva (asociacións veciñais ou comunidades de veciños), sempre que o proxecto se realice dentro do término municipal de Sarria. Quedan excluídas as fachadas dos establecementos e comercios.

No caso das asociacións veciñais ou comunidades de veciños a inscrición debe de ser realizada por un representante.

Materiais e condicións:

1. A decoración gardará relación co Nadal, tendo total liberdade en canto ao deseño e utilización de materiais ou elementos decorativos, os cales poderán incluír material de refugallo ou produto da propia natureza. Tamén se poderán empregar elementos de decoración iluminativos.

2. A montaxe e a retirada dos elementos decorativos será realizado por cada participante. Será obrigatorio que se manteñan ás decoracións instaladas ata o 8 de xaneiro de 2023.





Concello de Sarria

3. Os elementos decorativos que se utilicen no poderán causar ningún perigo nin prexuízos para as persoas e os bens.

II. MODALIDADES DE PARTICIPACIÓN

Establécese dúas modalidades de participación:

1º MODALIDADE: DECORACIÓN EXTERIOR. Entran en concurso a decoración de fachada, balcón, ventá, terraza, xardín ou porta exterior, árbores exteriores, fachadas, portais, xardíns ou prazas exteriores.

2º MODALIDADE: BELÉN. Entra en concurso todo tipo de montaxe de Belén e de calquera estilo.

III. INSCRICIÓN.

A) Data e forma de inscrición e presentación:

A inscrición realizarase mediante o envío dunha ou varias fotos do proxecto, por correo electrónico acompañada do Anexo I, e , no caso de ser participante menor de 16 anos, a autorización da nai, pai ou titor legal. A inscrición non será efectuada se a/o participante non recibe un correo coa confirmación da recepción. As fotografías xunto co anexo, remitiranse á dirección de correo electrónico **decoracion.nadal@sarria.gal**, entre os días **12 e 30 de decembro de 2022**. Non se admitirán inscricións presentadas fora do prazo e medios establecidos nestas bases.

As bases do concurso poderanse descargar na páxina web oficial do Concello de Sarria www.sarria.es e na sede electrónica: <https://sarria.sedelectronica.es>.

B) Aceptación das bases: Tódolos participantes no concurso, polo simple feito de participar, aceptan as bases desta promoción e as normas que rexen a súa participación. O Concello adquire os dereitos de reprodución e exposición das obras presentadas, que poderán ser publicadas en medios ou redes sociais, así como na páxina web do Concello de Sarria.

IV. PREMIOS.

Establécense os seguintes premios:

MODALIDADE: DECORACIÓN EXTERIOR.

1º Premio: tarxeta regalo por importe de 250 €.

2º Premio: tarxeta regalo por importe de 200 €.

3º Premio: tarxeta regalo por importe de 100 €.

4º Premio: tarxeta regalo por importe de 50 €.

MODALIDADE: BELÉN.

1º Premio: tarxeta regalo por importe de 250 €.

2º Premio: tarxeta regalo por importe de 200 €.

3º Premio: tarxeta regalo por importe de 100 €





Concello de Sarria

4º Premio: tarxeta regalo por importe de 50 €.

As tarxetas regalo soamente poder ser utilizadas en establecementos do Municipio de Sarria.

V. XURADO E VALORACIÓN.

O xurado que designe a obras gañadoras, estará formado por persoas con coñecementos en deseño e decoración.

Serán valorados os aspectos seguintes:

Composicións e deseños acordes co Nadal e respectuosas co entorno.

Iluminación e materiais empregados.

Orixinalidade.

Creatividade.

Combinación de elementos e cores.

Contido didáctico do proxecto.

Outros criterios, que con arranxo ao seu saber e entender deban ser tidos en conta.

VI. COMUNICACIÓN DOS GAÑADORES.

Chamarase telefonicamente a cada un dos premiados para comunicarlles o premio obtido e publicarase a información na páxina web do Concello de Sarria e nas redes sociais.

VII. OUTROS

Todas as dúbidas, problemas e queixas que se susciten na interpretación destas bases resolveranse directamente pola Concelleira Delegada.

Segundo.- Publicar as Bases da II Edición do Concurso de Deseño de Postais de Nadal 2022 no Taboleiro de Anuncios da Sede Electrónica.

En Sarria, a data da sinatura dixital ao marxe.





Concello de Sarria

ANEXO I

III CONCURSO DE DECORACIÓN DE NADAL 2022.

DATOS DA/O PARTICIPANTE	
Apelidos e nome	
NIF ou NIE	
Nome do Colectivo	
Data de nacemento	
Teléfono	
Correo electrónico	
Enderezo	
Poboación e C.P.	
MODALIDADE NA QUE PARTICIPA	
BREVE DESCRICIÓN DO PROXECTO (materiais, instalación, ...)	
A firma desta inscrición supón o coñecemento e aceptación expresa das bases. Sarria, _____ de _____ de 2022. SINATURA:	
Consentimento e Deber de Informar aos Interesados sobre Protección de Datos	
<input type="checkbox"/> Fun informada/o de que esta Entidade vai tratar e gardar os datos achegados na instancia e na documentación que a acompaña para a realización de actuacións administrativas.	
Información básica sobre protección de datos.	
Responsable	Concello de Sarria.
Finalidade	Tramitar procedementos e actuacións administrativas.
Lexitimación	Cumprimento dunha misión realizada en interese público ou no exercicio de poderes públicos outorgados a esta Entidade.
Destinatarios	Cederanse os datos, no seu caso, a outras Administracións Públicas e aos Encargados do Tratamento de Datos. Non hai previsión de transferencias a terceiros países.
Dereitos	Acceder, rectificar e suprimir os datos, así como outros dereitos, tal e como se explica na información adicional.
Información Adicional	Pode consultar a información adicional e detallada sobre Protección de Datos na seguinte dirección https://sarria.sedelectronica.es/privacy
FIRMA	
<input type="checkbox"/> PRESTA O SEU CONSENTIMENTO para que a entidade realice consultas dos datos do solicitante/representante a través da Plataforma de Intermediación.	
Sarria, _____ de _____ de 2022.	
SINATURA:	

